



Luz Pozo Garza (Ribadeo, 1922) foi Catedrática de Lingua e Literatura e actualmente é Académica da Real Academia Galega. Poeta, ensaísta, pianista e pintora. Fundadora e directora das revistas crítico-literarias e artísticas *Nordés* e *Clave Orión*. Iniciou a súa carreira literaria cos poemarios en castelán *Anfora* (1949), *El vagabundo* (1952) e *Cita en el viento* (1962). Entre a súa obra literaria en galego destacan: *O paxaro na boca* (1952), *Concerto de outono* (1981), *Códice Calixtino* (1986), *Prometo a flor de Loto* (1992), *Vida secreta de Rosalía* (1996), *Medea en Corintio* (2003), *As arpas de Iwerddon* (2005), *As vodas palatinas* (2005) ou o máis recente *Deter o día cunha flor* (2008).

En 2004 editou a súa obra completa baixo o título de *Memoria solar*.

Foi proposta pola AELG para o Nobel de Literatura entre os anos 2006 e 2008 e pola RAG para o Reina Sofía e o Príncipe de Asturias.

Conta con innumerables galardóns como o Premio á Creación Cultural Feminina da Xunta de Galicia, o Tomás Barros de ensaio, o Premio Celanova Casa dos Poetas, o Miguel González Garcés da Deputación da Coruña, a Medalla Castelao, o Premio AELG e o das Letras de Bretaña (Mondoñedo). Recibiu homenaxes e recoñecemento polas Universidades de Toulouse, Santiago de Compostela ou a Central de Barcelona.

MEU AMOR:

*Esta lenta misiva que che escribo
esta carta onde asumo brisas de soidade
este nome de muller
este río
as aves que me chegan
e aportan túa mensaxe...*

*Este ensoñar a rosa do exterminio
este exilio esta morte
este submisio amor idéntico a ti mesmo
este espazo de teu esta paisaxe*

*Esta carta ou poema
ou primavera incisa
esta ausencia estas aves
este agardar sen término esta vida
igual a un libro evanescente
que non se pode abrir
que nin se abre*

15 de decembro de 2009
Casa da Cultura
Salvador de Madariaga
(Rúa Durán Loriga, 10)
20:30 h
Entrada libre

Luis García Montero

Poetas di(n)versos

Gráficas Mera C XXXX-2009

Barro Salgado Santana (Grupo Revisión)



Concello da Coruña
Concellaría de Cultura



Luis García Montero naceu en Granada en 1958. É catedrático de Literatura Española. Entre os seus libros de poemas, cabe salientar *Y ahora ya eres dueño del Puente de Brooklyn* (1980), *El jardín extranjero* (1983; Hiperión 1989), *Diario cómplice* (Hiperión, 1987), *Las flores del frío* (Hiperión, 1991), *Habitaciones separadas* (Visor, 1994), *Completamente viernes* (Tusquets, 1998), *La intimidad de la serpiente* (Tusquets, 2003) e *Vista cansada* (Visor, 2008). Reuniu tamén varias seleccións da súa obra, baixo títulos como *Casi cien poemas* (Hiperión, 1997), *Antología personal* (Visor, 2001), *Poemas* (Visor, 2004) ou *Poesía. 1980-2005* (Tusquets, 2006). Ten sido galardoado cos premios F. García Lorca da U. de Granada (1980), Adonais (1982), Loewe (1993),

Premio Nacional de Poesía (1994), Premio Nacional da Crítica (2003) e Premio da Crítica de Andalucía (2008). Concedéuselle así mesmo a Medalla de Ouro de Andalucía.

Como ensaísta, é autor de *Poesía, cuartel de invierno* (1986), *El sexto día. Historia íntima de la poesía española* (2000) ou *Inquietudes bárbaras* (2008) entre moitas outras obras, incluíndo edicións críticas de Lorca, Alberti, Luis Rosales ou Carlos Barral.

Ten publicado tamén un libro de prosa narrativa, unha novela escrita a catro mans e unha biografía novelada de Ángel González —*Mañana no será lo que Dios quiera* (Alfaguara, 2009)— premiada polo Gremio de Libreiros como mellor libro do ano. É columnista habitual para a edición andaluza de El País e ten editado en tres libros seleccións dos seus mellores artigos.

(...)

*Mira, déjame que te enseñe
el eco de tu piel cuando te beso.
La ciudad está en llamas, tiene el frío
de los años cobardes.
Una muchacha dobla
la guerrera vencida de un soldado.
No sabe si la esconde o si la guarda.
Quizás encuentre un día,
en el cajón de los limones secos,
otra oportunidad.*

EN RESUMEN

*No existe libertad que no conozca,
ni humillación o miedo
a los que no me haya doblegado.
Por eso sé de amor.
Por eso medito el cuerpo que te doy.
Por eso cuido tanto las cosas que te di.*

15 de decembro de 2009
Casa da Cultura
Salvador de Madariaga
(Rúa Durán Loriga, 10)
20:30 h
Entrada libre

Luz Pozo Garza Poetas di(n)versos



Concello da Coruña
Concellaría de Cultura